



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DA GUARDA O DÍA 29 DE XULLO DE 2016.

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e nove de xullo do ano dous mil dezaseis, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Antonio Lomba Baz e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez .
- D. Miguel Ángel Español Otero.
- D^a. Elena Baz Rodríguez.
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Paulino Rodríguez González
- D^a.M^a de la Concepción Ortega Martínez.
- D. José Carlos Castro Martínez.
- D. Roberto José Álvarez Carrero
- D^a Elena Acevedo Rolán.
- D. Óscar Alonso Álvarez.
- D. Ángel Luis Baz Vicente.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a M^a Mercedes Martínez Vázquez
- D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.
- D^a M^a de Fátima Iglesias Ferreira.

Actúa como secretaria a da Corporación dona Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada o señor Alcalde, antes de pasar a tratar os asuntos do orde do día, o señor Alcalde di que se presentará unha moción por vía de urxencia de todos os grupos municipais.

O señor Baz Vicente comunica que presentarán unha moción de urxencia en relación cos estaleiros Joaquín Castro, moción asinada polos grupos da oposición.

O señor Alcalde pasa a xustificar a urxencia da moción, relativa ó cambio de horario de apertura do Distrito Marítimo, dado que as tres entidades (Cofradía de Pescadores Santa Trega, ORPAGU e Asociación de Empresarios Espaderos Guardeses) se manifestaron presentando un escrito e do que se trata coa moción é de apoiar este escrito, estar ó lado do sector, que sexan eles os que o capitaneen. A urxencia ven xustificada porque o escrito é do 20 de xullo, había unha moción do PP para este Pleno, e teñen a intención de darlle máis carácter institucional como medida de presión. Di que no futuro se poden tomar máis medidas, deberá existir un diálogo coa Capitanía Marítima.

A señora Iglesias Ferreira di que votará a favor da urxencia.

O señor Rodríguez Fariñas di que apoiará a urxencia.

(Sae o señor Baz Vicente, 20:15 horas).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Lomba Alonso di que apoiarán a urxencia e entende que a moción do PP se retira.
A señora Ortega Martínez di que retiran a moción a prol deste acordo.

Sometida a votación a urxencia foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezaséis votos a favor).

En relación coa seguinte moción de urxencia, o señor Lomba Alonso di que foi unha iniciativa do BNG e consensuada cos grupos da oposición, existe preocupación pola situación dos estaleiros Joaquín Castro, e a urxencia ven motivada por esgotarse todos os prazos, dado que pensaban que chegarían a un acordo entre o empresario, o Concello e a Entidade Local Menor.
(Regresa o señor Baz Vicente, 20:17 horas).

Continúa o señor Lomba Alonso e di que é urxente porque a empresa pode correr o perigo da desaparición, e os postos de traballo non se poden perder, nin tampouco esta iniciativa empresarial. Neste momento, pola inacción do Concello, poden irse á rúa os traballadores. Non entenden os motivos polos que non se poden chegar a un acordo entre a empresa e o Concello, o Alcalde se comprometeu a desatascalo, un acordo sería beneficioso para o futuro, para os traballadores, para o empresario e para a Entidade Local Menor de Camposancos, así como para o Concello, por manter unha empresa e incrementar o cobro de impostos. Sinala que a oposición ten claro que hai que tomar decisións, e piden un acordo, ou que se explique o motivo polo que non se pode chegar a un acordo de viabilidade.

A señora Iglesias Ferreira di que votará a favor da urxencia.

O señor Rodríguez Fariñas di que apoiará a urxencia.

A señora Ortega Martínez di que votará a favor da urxencia.

O señor Español Otero di que apoiarán a urxencia, aínda que bota de menos que non se comentara co equipo de goberno, non estiveron nesa reunión e a información que se precisa a poderían haber dado, isto supón unha forma de funcionar sin saber o que se xestionou polo equipo de goberno, que é do que se lles acusa. Pensa que hai unha actitude sectaria da oposición ó non habelos convidado.

Intervén o señor Alcalde e di que votarán a favor da urxencia. Di que antes do Pleno lle preguntou á secretaria, pois quería facer unha intervención en rogos e preguntas, despois de ler unha nota de prensa, e preferiu dar explicacións no Pleno.

O señor Lomba Alonso diríxese ó señor Español Otero e pide que non fale de sectarismo, é unha práctica habitual no equipo de goberno. Bota de menos non ser consultados nos temas importantes, non deberan chegar a este punto.

Sometida a votación a urxencia foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:
VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A continuación, o señor Alcalde pasa a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (ORD. 27/05/2016; EXTRAORD. 30/05/2016).

A señora Iglesias Ferreira di que aprobará as actas.

O señor Rodríguez Fariñas di que aprobará as dúas actas.

O señor Baz Vicente di que o señor Lomba Alonso se absterá nas que estivo ausente.

A señora Ortega Martínez di que aprobarán as actas.

O señor Español Otero di que aprobarán as actas.

Sometida a votación o acta de **27/05/2016** foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Martínez Vázquez Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezaséis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Lomba Alonso (unha abstención).

Sometida a votación o acta de **30/05/2016** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS.

A señora Iglesias Ferreira dáse por enteirada.

O señor Rodríguez Fariñas di que dáse por enteirado.

O señor Baz Vicente di que se dan por enteirados.

A señora Ortega Martínez di que se dan por enteirados e reitera a queixa de son moitos os decretos que reciben e pouco tempo para velos.

Intervén a señora Magallanes Álvarez para facer unha aclaración dunha cuestión suscitada por Convergencia Galega no anterior Pleno, en relación cos Decretos 213/2016 e 2467/2016, porque o señor Rodríguez Fariñas facía unhas afirmacións nas que criticaba a certeza matemática dos consumos contidos neses decretos, dicindo que demostraba unha capacidade de cálculo fenomenal. Sinala que se trata dunha compensación, os decretos falan desa compensación, en función da débeda existente e se é maior ou menor que a cantidade a pagar, se compensa, polo que as afirmacións son falsas, quere que conste en acta, se trata de compensación de débedas.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2017.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria (RE 4696, de 19 de xullo de 2016), en relación coa remisión dos festivos locais para o ano 2017 antes do 30 de setembro de 2016.

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Declarar festivos locais no Concello de A Guarda durante o ano 2017 os días seguintes:

- **Martes de Carnaval.**
- **23 de setembro de 2017 (Santa Trega).**

2.- Remitir o presente acordo á Consellería correspondente.”

O señor Alcalde di que o 23 de setembro cae en sábado, nunca se declarou festivo local un sábado, e dado que os días 16 de xullo de 23 de setembro caen ne sábado e domingo, se falou cos grupos e se decidiu esta proposta.

A señora Iglesias Ferreira di que lle parece correcto, pois a pasada festa do Carmen o sentir foi que era unha pena que fora laborable, polo que telo en consideración lle parece importante.

O señor Rodríguez Fariñas xa manifestou o seu acordo na reunión, se ben quere dicir que en relación coas protestas da xente por participar en actos relixiosos deberían ser máis comedidos na participación nestes actos, pois o que queira asistir que peche o seu negocio. Pensa que os días foron ben seleccionados.

O señor Baz Vicente di que votarán a favor.

A señora Ortega Martínez di que eles tamén manifestaron a queixa en relación coa virxe do Carmen, e diríxese ó señor Rodríguez Fariñas para dicirlle que existe a liberdade relixiosa, contestando o señor Rodríguez Fariñas que insiste en que pechen o negocio vaian á procesión.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO PROXECTO “A CIDADE DOS NENOS”.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O proxecto Cidades amigas dos nenos, promovido por Francesco Tonucci baséase en dous piares: que os nenos participen no goberno da súa cidade e que recuperen a súa autonomía mediante un deseño axeitado dos espazos públicos. Neste último aspecto, o sociólogo italiano propón a utilización dos camiños escolares como primeiro paso para actuacións máis globais.

O que se pretende con esta proposta é que o deseño dos espazos públicos teña os nenos e as nenas como referentes das necesidades de mobilidade da cidadanía.

A adhesión do Concello da Guarda ao proxecto internacional do Consello Nacional de investigación "A cidade dos nenos" supón recibir información doutros países adheridos a través das súas prácticas dirixidas a ganar paso a paso os espazos urbanos para as persoas pero especialmente para os nenos /nenas e facer participe das nosas actividades a outros países. A adhesión a este proxecto, sen ánimo de lucro, non supón ningún tipo de gasto para os participantes.

Polo que se propón ó Pleno adoptar o seguinte acordo:

1. Aprobar a adhesión do Concello da Guarda ao proxecto internacional do Consello nacional de investigación "A cidade dos nenos".

- Delegar no Alcalde a sinatura á carta de adhesión, segundo modelo que obra no expediente do Consiglio Nazionale delle Ricerche e o Istituto di Science e Technologie della Cognizione.

- Remitir este acordo á Deputación provincial de Pontevedra para poder establecer un trabado conxunto e de asesoramento xestionado pola institución provincial.”

A señora Iglesias Ferreira pensa que un proxecto pedagóxico como este, que chegue as rúas sería unha gran noticia, ten gañas de ler o libro que ten o señor Lomba Alonso, oxalá teñamos en conta o protagonismo dos nenos.

O señor Rodríguez Fariñas cre que deberan abrir un correo coa inspiración da Deputación e que llo manden, pois o proxecto naceu no ano 1991 e sae agora. Di que na relación de localidades non hai ningunha galega, e di que non se melloran outras necesidades que teñen os nenos, nin se fai caso ás peticións dos veciños para a adaptación dos parques infantís para nenos con necesidades especiais, pensa que a Deputación deberá gastar os cartos nestas cousas. Di que todo o que mellore a vida da sociedade é bo, pero pasado un tempo preguntarán que foi deste proxecto.

O señor Baz Vicente agradece ó señor Alcalde que traía esta proposta, é tarde, xa presentaron un escrito, pois se trata dun proxecto sen custe económico e queren compartir experiencias, buscar solución, sabe que coa simple adhesión non se cambia nada, debe haber un compromiso, recoméndalle ó señor Rodríguez Fariñas a lectura do libro. Di que votarán a favor. A señora Ortega Martínez di que votarán a favor, supón a oportunidade de mellorar a vida dos nenos, e pide que o equipo de goberno mellore os parques infantís e os faga en condicións para nenos con discapacidade.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Español Otero di que votarán a favor. Sinala que no parque da Alameda a ampliación do columpio se enviou ó Plan Concellos; se vai facer un parque en San Lorenzo, en Sete Camiños. Se está traballando na medida das posibilidades, a sensibilidade existe.

Intervén o señor Alcalde e di que é certo que esta proposta, dende a reunión coa Deputación, tardou en vir por motivos administrativos. Di que el é amigo persoal dunha tradutora do libro, viviu a tradución e coñecía o proxecto hai tempo.

A señora Ortega Martínez pregunta cantas follas ten o libro, contestando o señor Baz Vicente que se está ridiculizando o proxecto, pide á cidadanía que o lea, esta proposta hai que tomala con seriedade.

A señora Ortega Martínez di que se refería ó que tarda o Concello en traducir un artigo para unha ordenanza.

O señor Alcalde di que se trata de pensar a cidade dende o punto de vista dos nenos ou persoas maiores ou con discapacidade, facer cidades máis accesibles e ter o concepto de accesibilidade presente.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

PUNTO 5.- MOCIÓNS.

1. RE nº 4684 do PP.- Moción para o mantemento do Distrito Marítimo de A Guarda.

O señor Alcalde da a moción por retirada, dado que se votou a urxencia para tratar unha moción conxunta sobre o asunto.

2. RE nº 4772 do PP.- Moción para integrar o Centro Cultural e parque de recreo na Alameda de A Guarda.

O señor Castro Martínez da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INTEGRAR O CENTRO CULTURAL E PARQUE DE RECREO NA ALAMEDA DE A GUARDA.

Conchi Ortega Martínez, voceira do Partido Popular da Guarda, e en nome do grupo municipal do PP, presenta, ao amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, a seguinte moción para a súa discusión e no seu caso para aprobación no seguinte pleno ordinario:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Alameda de A Guarda sempre foi no pasado, o é no presente e o será no futuro o lugar de encontro e lecer dos guardeses.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Non toca nesta moción falar da funcionalidade e o deseño da Alameda (para nos moi discutible), pero si queremos chamar a atención da "invisibilidade" do Centro Cultural, edificio que dispón de catro servizos que a cidadanía merece disfrutar sen as barreiras visuais e arquitectónicas que ten actualmente: a biblioteca pública, o pequeno auditorio, a aula Cemit e as salas de exposicións.

Asemade, a contorna do edificio posúe duns espazos de deporte, xogos e lecer modestos, pero moi axeitados para o disfrute dos cidadáns de todas as idades.

A pena é que carecen da iluminación adecuada, e nas tardes de inverno e nas noites de verán, non son visitados porque hai moita escuridade.

Hai un terceiro elemento que, aínda que non é de propiedade municipal, completa o triángulo da área de recreo de A Guarda: o campo de Fínola, solar ao que se recorre para a instalación de circos, atraccións de feira e como aparcadoiro.

Hai moito que facer con estes tres elementos fundamentais no campo da cultura e do ocio dos guardeses, e estamos traballando nelo, deseñando un ambicioso proxecto que dará un cambio radical a esa zona.

Pero todo non se pode pedir hoxe aquí, por iso queremos demandar o máis urxente, aínda que non se nos faga caso, coma na solicitude de colocar o pasamáns e o alumeado das escaleiras de acceso ao Centro Cultural, moción presentada hai meses neste plenario.

O punto central deste espazo de lecer está na entrada do campo de Fínola, ao lado do paso de peóns que conecta coa Alameda.

Nese punto, atópase un poste de madeira que alberga unha morea de cables de electricidade e de telefonía, que provoca un importante impacto visual, así como un potencial perigo pola facilidade de contacto con el.

Pero o problema non é só visual. Na semana das Festas do Monte, un dos cables que vai dende o edificio da esquina da Alameda ata ese poste, obriga á orquesta de turno a situar o seu palco paralelo a ese cable, facendo de pantalla total entre a Alameda e o Centro Cultural, impedindo ás persoas saír do recinto con comodidade e visitar as salas de exposicións e as instalacións de detrás do Centro.

Entendemos que nas verbenas, cando son milleiros as persoas que se concentran na Alameda, é necesario ofrecer a tanta xente a posibilidade de acceder e pasear polos xardíns do Centro Cultural con tranquilidade e visitar as exposicións.

O escenario móbil estrangula esa comunicación, polo que eremos necesario tomar medidas para ampliar o espazo da Alameda hacia o Centro Cultural.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que, coa finalidade de ampliar a zona de lecer da Alameda e o Centro Cultural, se adopten, aínda que sea de xeito provisional, as seguintes medidas:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1ª.- Que se inste ás compañías correspondentes aos servizos afectados, que retiren o cableado aéreo e o poste do campo de Finóla, ben realizando a instalación soterrada ou reubicando o poste e a liña aérea.

2ª.- Que se instalen uns proxectores en diversos puntos da contorna do Centro Cultural para que polas noites, e nun horario a convir, iluminen con eficacia os accesos, a pista deportiva, a zona de xogos e o parque de lecer.

3ª.- Que se cree na Rúa Rosalía de Castro, na comunicación da Alameda co Centro Cultural, unha Zona 30, sinalizándoa adecuadamente e dotando ao pavimento da calzada o tratamento axeitado.”

A señora Iglesias Ferreira di que o espazo do Centro Cultural e arredores xa se tratou neste Pleno, deberá enmarcarse nun gran proxecto, a moción se queda un pouco pequena, votará a favor, e di que a cidade dos nenos podería empezar por aquí. Pensa que o tema da accesibilidade é complicado, agravado pola falta de iluminación, pavimento irregular e puntos perigosos na zona. Di que a moción, no apartado resolutivo, se queda curta, a apoiará, pero sería interesante un gran proxecto.

O señor Rodríguez Fariñas di que, independentemente do texto da moción, a situación de abandono e sucidade do Centro Cultural é patente e unha desgracia. Hai ocos nos escalóns, perigo, o hórreo coa madeira podre. Precisa unha renovación integral, como símbolo da Guarda, e facelo unha zona de lecer, e plantexar, tendo en conta a cesión de uso do campo de Fínola, que esa parcela fora municipal e recuperar esa idea que se tivo nalgún momento. Votará a favor.

O señor Lomba Alonso di que no argumentario se expón unha gran ambición, que logo se quedan nunhas pinceladas. Van apoiala, pero hai partes da moción nas que parece que fala o equipo de goberno (“*estamos traballando...*”). Cre que a moción do BNG para este Pleno ten moito que ver con isto, abrir os espazos públicos ás persoas, deberamos aspirar, se queremos abrir á xente a Alameda, en rodear todo como zona 20. Pon como exemplo o deseño da raza que se fixo en Tomiño. Di que isto debe ser máis ambicioso, o BNG xa presentou iniciativas cando gobernaba o PP, o estado de decrepitude do Centro Cultural xa ten moito tempo, pasaron anos suficientes e cando se reformou a Alameda o BNG xa falaba disto. Consideran que hai cousas que hai que ir facendo. Remata dicindo que hai que ter coidado coa iluminación dos edificios, el engadiría “*eficiencia*”.

O señor Español Otero di que votarán a favor, esta moción suscitou no equipo de goberno discusións, e saen cunha postura común. Di que o tema do cable ten unha dificultade, pois é de Telefónica, os seus técnicos así o sinalaron, e van tratar de que Telefónica acometa as obras para soterralo. En relación coa iluminación, e a varandilla que require iluminación, é certo que non se deu posto, pois o empregado municipal botou catro meses de baixa. Di que el ten o concepto dese espazo como un espazo único, deba formar parte dun conxunto, pero a situación e a realidade é a que é, non se poden enganar. A finca de Fínola forma parte do PERI número 5, o meteu o PP no ano 93, e hoxe en día, sen novo PXOU, a finca forma parte dese PERI, había solucións plantexadas para integrala. Sinala que hoxe en día non dan chegado a unha subvención para o Centro Cultural para colocar unha porta antipánico, pois hai un problema, dado que a Xunta esixe a titularidade de inmovible, e ata a data non a deron logrado, pois pertence a unha fundación. A idea a teñen todos, pero deben ser conscientes da realidade, votarán a favor, se traballará nela, pois todos ambicionan algo máis.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O señor Rodríguez Fariñas quere matizar que cando dixo que era imposible facelo era pola forma de facelo. Trouxo a disolución da Sociedade Pro-Monte, os estatutos poñen que os bens, se non hai unha asociación de ámbito similar, pasarán a ser propiedade do Concello da Guarda, polo que da forma en que se está facendo é imposible, porque dende o principio teñen un “pufo” coa Sociedade Pro –Monte polo tema do Centro Cultural e como foi a súa concesión. O señor Español Otero di que os cen millóns de pesetas foron cuantificados en anos, os anos que quedan son trece ou quince por espirar e automaticamente está saldada a débeda. Non é da Sociedade Pro-Monte, é da fundación Casa Asilo, contestando o señor Rodríguez Fariñas que o administrador é a Sociedade Pro-Monte, hai xente que ten esa documentación.

O señor Español Otero pide ó señor Rodríguez Fariñas que lles bote unha man, reiterando o señor Alcalde esa petición.

O señor Baz Vicente pide que se moderen as intervencións.

A señora Ortega Martínez sinala que o BNG dixo que ela ridiculizou o tema, contestando o señor Lomba Alonso que dixo que se estaba ridiculizando.

A señora Ortega Martínez aclara que coa broma que fixo se refería a que se coa varandilla se tardaron seis meses, este asunto tamén irá lento, nada máis.

O señor Castro Martínez pide que se iluminen as zonas de paso, e o edificio se arranxe máis adiante, son realistas.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete votos a favor).

3. RE nº 4773 do PP.- Moción para certificar a seguridade do alumeadado público.

A señora Ortega Martínez da conta da seguinte moción:

(Sae o señor Español Otero, 21:10 horas).

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA CERTIFICAR A SEGURIDADE DO ALUMEADO PUBLICO.

Conchi Ortega Martínez, voceira do Partido Popular da Guarda, e en nome do grupo municipal do PP, presenta, ao amparo do establecido nos artigos 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, a seguinte moción para a súa discusión e no seu caso para aprobación no seguinte pleno ordinario:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, prescribíense as condicións de montaxe, explotación e tamén mantemento das instalacións de baixa tensión, e no real decreto 842/2002, se establecen as condición técnicas que deben reunir as instalacións eléctricas, entre nas que se atopan o alumeadado público



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Unha das obrigacións que recolle este regulamente é a de realizar inspeccións regulamentarias que deben ser realizadas por un Organismo de Control Autorizado (OCA).

Cónstanos que en ocasións fanse chamadas ao Grupo de Goberno para comunicar que hai peligrosidade en puntos do Alumeado público, cables que se están sen protexer, luminarias baixas sen punto de luz, etc. Temos exemplos recentes na Alameda e no parque do Centro Cultural.

Tense dado algún caso (non neste concello, afortunadamente) dun accidente co alumeado público con graves consecuencias, nas que por exemplo se electrocutou unha nena por tocar unha farola pública.

Nadie quere que isto poida suceder na Guarda, polo que a prevención para garantir a seguridade dos veciños debe ser unha prioridade.

Sabemos das dificultades económicas que suporía, pero dado que é unha actuación perfectamente compatible co Plan Concellos, esa podería ser unha vía para financeiro, aínda que si o grupo de Goberno ten outra solución, por suposto que a apoiáramos.

O importante é coñecer as deficiencias, corrixilas e certificar que A Guarda é un concello seguro na instalación do seu alumeado público.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o grupo de Goberno faga as xestións oportunas para que no Concello se proceda a realizar a inspección por OCA (ORGANISMOS DE CONTROL AUTORIZADO) de todo alumeado público e todo o cableado derivado da súa instalación, para certificar non hai risco para os veciños.”

A señora Ortega Martínez di que presentan a moción para que os veciños non corran risco, a ela mesma lle deu un calambrazo.

A señora Iglesias Ferreira di que ten dúbidas, non porque non apoie a moción, está concienciada co tema, pero non sabe como é a parte técnica, entende que cada obra terá que ter a súa certificación, facer un estudo de custes, telo en conta no orzamento, e o mantemento tamén é importante, así que vai esperar ás intervencións.

(Regresa o señor Español Otero, 21:12 horas).

O señor Rodríguez Fariñas di que hai uns anos Convergencia Galega presentou unha moción en relación cun suceso dun neno en Santiago, se aprobou, pero ata agora non se fixo nada por mellorar a calidade do servizo, pide efectividade en tomar as medidas.

O señor Baz Vicente quere escoitar ó equipo de goberno.

Intervén o señor Rodríguez González e pide que se retire a moción. Se trata dun tema moi importante e delicado, hai descoñecemento, se está facendo pois é obrigatorio, dependendo das instalacións e se son húmidas. A Consellería e a Dirección Xeral de Industria recomendou



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

o traballo, cando eles chegaron non se pasaban as OCAS. Está feitas e teñen certificacións de todas as instalación. En relación coa inspección do alumeado, se supera os 5KW hai que facelo, eles tomaron o dato de como estaban as instalación cunha empresa privada. Non poden pedirle que fagan o que xa están facendo porque é obrigatorio. Di que os próximos pasos en agosto serán nas zonas máis sensibles, teñen entre 119 e 121 instalacións, se están tomando medidas, cos nosos servizos e empresas externas, e eses once puntos se van facer. Os custes non son importantes, salvo que detecten problemas.

A señora Ortega Martínez di que non a vai retirar, hai poucos Concellos que estean ó 100% certificados por OCA, non quere retirala.

O señor Rodríguez González di que non se vai facer, senón que se está facendo, non ten sentido.

O señor Baz Vicente pide celeridade ó equipo de goberno e que o PP retire a moción. Se van abster.

O señor Español Otero di que se van abster.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Ortega Marínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez e Iglesias Ferreira (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz , Rodríguez González, Lomba Alonso, Baz Vicente, Martínez Vázquez e Rodríguez Fariñas (once abstencións).

4. RE nº 4778 de CONVERXENCIA GALEGA asumindo a moción en relación coa proposta de adhesión á campaña BDS en contra do apartheid israelí.

(Sae o señor Baz Vicente, 21:25 horas).

O señor Rodríguez Fariñas da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN EN RELACIÓN Á PROPOSTA DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA BDS CONTRA O APARTHEID ISRAELÍ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que se vive nos territorios palestinos ocupados por Israel xera inquietude e indignación. Unha gran parte da poboación palestina sofre as consecuencias da política dos gobernos israelís que desatende as resolucións dos organismos internacionais e causa gran sufrimento á poboación civil.

Non hai barbarie que xustifique a situación que vive a poboación dos territorios palestinos. A pesar dos diferentes informes, resolucións e acordos internacionais, a ocupación das súas terras por novas colonias é crecente mentres sofren a revogación de permisos permanentes de residencia, demolicións das súas vivendas, prohibición para realizar actos sociais e culturais, detencións administrativas e outras formas de



C O N C E L L O A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

represión como o non recoñecemento de facto da igualdade de dereitos para a cidadanía palestina e a comunidade xudea dentro de Israel que forón cualificadas por diferentes organismos e ONG's como apartheid. Así mesmo, Israel nega o dereito ao retorno das persoas refuxiadas mesmo cando son vítimas de guerras como a que arrasa aos seus veciños sirios.

O Parlamento Europeo aprobou o 17 de decembro de 2014 unha resolución na que apoia o recoñecemento do Estado de Palestina e a solución de dous Estados baseados nas fronteiras de 1967 e na capitalidade de Xerusalén para ambos, coa convivencia en paz e seguridade entre un Estado de Israel seguro e un Estado palestino independente, democrático, contiguo e viable, sobre a base do dereito de autodeterminación e do pleno respecto do Dereito internacional e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

A Unión Europea, atándose ao dereito internacional, non recoñece a soberanía de Israel sobre os territorios ocupados por este país desde xuño de 1967, a saber, os Altos do Golán, a Franxa de Gaza e Cisjordania, incluído Xerusalén Este, e non os considera parte do territorio israelí. Neste sentido, moitos dos países membros manifestaron que a continuada expansión ilegal dos asentamentos israelís en territorios palestinos ameaza a perspectiva de alcanzar un acordo de paz xusto e definitivo.

O 12 de novembro de 2015 o Diario Oficial da Unión Europea publicaba unha nota interpretativa sobre a indicación da orixe das mercadorías procedentes dos territorios ocupados por Israel que obriga a etiquetar os produtos ou servizos procedentes destes sinalando claramente a súa orixe. Indica a resolución que debe sinalarse expresamente "asentamento israelí " para evitar inducir a erro aos consumidores en canto á orixe real dos mesmos. A Unión Europea lembra que "de conformidade coa lexislación da Unión sobre a protección dos consumidores, a indicación da orixe é obrigatoria cando constitúa información substancial, segundo o contexto, para tomar unha decisión sobre unha transacción co debido coñecemento de causa e, en consecuencia, a súa omisión faga ou poida facer que o consumidor medio torne unha decisión sobre unha transacción que doutro xeito non tomase ".

En consoancia co exposto, propoño e someto á consideración do Pleno do Concello de Pontearreas a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO. - O Pleno do Concello Municipal de Pontearreas:

Manifesta a súa adhesión e apoio á resolución do Parlamento Europeo do 17 de decembro de 2014 pola que se recoñece o Estado de Palestina.

Mostra a súa solidariedade coa poboación dos territorios ocupados instando á ONU para garantir a súa protección e a obrigar a Israel a cumprir a legalidade internacional.

Solicita a finalización da ocupación e colonización de todas as terras palestinas e o desmantelamento do Muro.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Mostra o recoñecemento dos dereitos fundamentais da cidadanía árabe-palestina de Israel para unha igualdade completa.

Mostra o recoñecemento do dereito das persoas palestinas refuxiadas a retornaren ás súas casas e propiedades como o estipula a resolución 194 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

Declara á localidade de Ponteareas Espazo Libre de Apartheid Israelí (ELAI) e difundirao entre a cidadanía, facendo uso do Selo Espazo Libre de Apartheid Israelí que recibirá da Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina.

Abstense de colaborar co Estado israelí, as súas institucións públicas ou os seus e as súas representantes oficiais no Estado español, en calquera proxecto de desenvolvemento agrario, educativo, comercial, cultural ou de seguridade.

Fomentará a cooperación co movemento BDS (Boicot, desinversiones e sancións), articulado a nivel estatal e autonómico pola Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina.

SEGUNDO. - Instar o Goberno da Nación a que adopte acordos no mesmo sentido dos recolleitos no punto anterior.

TERCEIRO. - Dar traslado destes acordos ao Parlamento Europeo, ás embaixadas de Israel e Palestina en España, ao Goberno da Nación, á Xunta de Galicia e aos concellos da Provincia ". -

.../...

VOTACIÓN AOS PUNTOS 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 8 DO APARTADO PRIMEIRO E AOS APARTADOS SEGUNDO E TERCEIRO, CO ENGADIDO NO PUNTO 30 DE TRASLADO DOS ACORDOS A ONU:

Unanimidade a favor dos membros presentes (18 votos a favor) .

Quedan aprobados.

VOTACIÓN POR SEPARADO AO PUNTO 7 DO APARTADO PRIMEIRO:

14 votos a favor (5 BNG, 6 PP, 2 GMixto e 1 ACIP)

4 abstencións do PSOE.

Queda aprobado.

Na súa consecuencia, a Corporación Municipal acorda:

PRIMEIRO. - O Pleno do Concello Municipal de Ponteareas:

1. Manifesta a súa adhesión e apoio á resolución do Parlamento Europeo do 17 de decembro de 2014 pola que se recoñece o Estado de Palestina.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 2. Mostra a súa solidariedade coa poboación dos territorios ocupados instando á ONU para garantir a súa protección e a obrigar a Israel a cumprir a legalidade internacional.**
- 3. Solicita a finalización da ocupación e colonización de todas as terras palestinas e o desmantelamento do Muro.**
- 4. Mostra o recoñecemento dos dereitos fundamentais da cidadanía árabe-palestina de Israel para unha igualdade completa.**
- 5. Mostra o recoñecemento do dereito das persoas palestinas refuxiadas a retornaren ás súas casas e propiedades como o estipula a resolución 194 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas.**
- 6. Declara á localidade de Pontearreas Espazo Libre de Apartheid Israelí (ELAI) e difundirao entre a cidadanía, facendo uso do Selo Espazo Libre de Apartheid Israelí que recibirá da Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina.**
- 7. Abstense de colaborar co Estado israelí, as súas institucións públicas ou os seus e as súas representantes oficiais no Estado español, en calquera proxecto de desenvolvemento agrario, educativo, comercial, cultural ou de seguridade.**
- 8. Fomentará a cooperación co movemento BDS (Boicot, desinversiones e sancións), articulado a nivel estatal e autonómico pola Rede Solidaria contra a Ocupación de Palestina.**

SEGUNDO. - Instar ó Goberno da Nación a que adopte acordos no mesmo sentido dos recolleitos no punto anterior.

TERCEIRO. - Dar traslado destes acordos ao Parlamento Europeo, ás embaixadas de Israel e Palestina en España, ao Goberno da Nación, á Xunta de Galicia, aos concellos da Provincia e á ONU

O señor Rodríguez Fariñas di que asumiu a moción pola petición de dous grupos de Pontearreas, que recibiron ameazas por esta cuestión. Explica que hai tempo aparecen grupos de defensa de Israel e o que fagan os palestinos e árabes está mal feito, pide que exista respecto e que nos territorios ocupados non haxa cidadáns de primeira, segunda ou terceira, ou outros que non teñen nin categoría, e piden declarar os pobos como espazos libres contra o apartheid dos israelitas, sinalando que existe un movemento de boicot que está desinformando. Explica que o texto ven coas votacións, pide que se mire a seriedade dalgúns grupos políticos, que unhas depende do sitio no que estean, goberno ou oposición, se di unha cousa ou outra. Piden que se remita o acordo á Oficina de Comercio do Estado de Israel en Madrid, á delegación de goberno palestino e ós Concellos de toda a provincia, non ten inconveniente en que sexa votada por puntos, se trata de manifestar empatía co pobo palestino. A señora Iglesias Ferreira di que hai tempo que se manifesta que este tipo de mocións deberan ser tratadas noutras instancias, e como non ten a moción a descoñece, pois un concelleiro lle fai chegar todas as mocións pero esta non.

A señora Martínez Vázquez di que o BNG votará a favor.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Ortega Martínez di que están en contra deste tipo de mocións que non son competencia do Concello, debera existir un informe preceptivo da secretaria sobre o asunto e se poden votalo. Di que aquí non se ven a resolver este tipo de problemas, quere un informe da secretaria sobre se teñen competencias, porque se as teñen o PP empezaría a traer mocións para posicionarse contra corenta ditaduras existentes, pero eles son concelleiros da Guarda e lles preocupan os temas da Guarda.

O señor Español Otero di que se van abster.

Intervén o señor Rodríguez Fariñas e di que lle "*jode moito o folcklore*, pedíndolle o señor Alcalde que modere o seu linguaxe. Continúa o señor Rodríguez Fariñas e di que lle alegra que o PP diga que se vai posicionar contra corenta ditaduras, porque cre que cando non teñen bens que sacarlle o PP non ten nada que dicir.

A señora Ortega Martínez pide que lle fale de parques e temas municipais, contestando o señor Rodríguez Fariñas que fala do que lle da a gana, como cidadán pode traer as mocións que queira, poder votar ou non, pero recorda que en España o presidente é moi amigo dun dos maiores asasinados do norte de África.

O señor Alcalde di que modere certo tipo de afirmacións.

O señor Rodríguez Fariñas di que para el o rei de Marruecos é un asasino, di que o PP pode votar o que lle dea a gana e pode poñer o "Cara al Sol" para votar, dicíndolle o señor Alcalde que se está pasando, pide moderación no vocabulario e nas cousas que está dicindo, pois se están saíndo do debate, a señora Ortega Martínez non foi tan belixerante, e pide que retire a última frase.

O señor Rodríguez Fariñas di que non lle preocupa.

Sometida a votación a moción acadou seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, Baz Vicente, Martínez Vázquez e Rodríguez Fariñas (catro votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Álvarez (cinco votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz , Rodríguez González e Iglesias Ferreira. (oito abstencións).

A moción non prospera.

(Saen as señoras Magallanes Álvarez e Baz Rodríguez, 21:40 horas).

5. RE nº 4781 do BNG.-Moción sobre un plan de mobilidade sostíbel para o Concello da Guarda.

O señor Baz Vicente da conta da seguinte moción:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Regresan as señoras Magallanes Álvarez e Baz Rodríguez e saen os señores Crespo González e Álvarez Carrero, 21:42)

“MOCIÓN SOBRE UN PLAN DE MOBILIDADE SOSTÍBEL PARA O CONCELLO DA GUARDA

Exposición de motivos

Un dos eixos prioritarios nas actuacións urbanísticas que os gobernantes deben ter en conta é a mobilidade das persoas. Á hora de facer un deseño de políticas encamiñadas á mellora das contornas nas que habitamos, debemos ter como referente o dereito que cada un de nos ten a moverse libremente sen ter que buscar a axuda de terceiras persoas que garanta a maior independencia posíbel de calquera que nun momento dado teña reducida a súa mobilidade, sexa polo motivo que xea.

Até agora os diferentes gobernos do PP e do PSOE, lonxe de afondar nos programas de mobilidade sostíbel que tan bos resultados están dando en vilas e cidades próximas á nosa, como Tomiño ou Pontevedra, seguen tirando da improvisación e de vellas fórmulas que evidencian uns caóticos resultados, prexudicando directamente na calidade de vida das persoas e na trama comercial e turística da Guarda. É de suma importancia de ter un estudo para non facer as cousas de xeito improvisado e sen ter en conta as consecuencias, non se pode ir actuando sen unha previsión de futuro.

Os programas levados adiante polos gobernos do BNG dan prioridade ás persoas, en especial a aqueles colectivos máis sensibles como son os nenos e nenas, persoas maiores ou persoas con mobilidade reducida, pasando sempre nun segundo plano aos coches, motos,...

Non se trata de esquecernos do uso de vehículos nin do servizo que prestan, trátase de ter un concepto do espazo público como un dereito das persoas, que foi usurpado coa preponderancia que se lle da ao vehículo nas últimas décadas.

Estudos recentes sobre hábitos saudables, alertan do escaso tempo ao aire libre que pasan os nosos nenos, estando por debaixo incluso das dúas horas das que gozan ao aire libre os presos das cárceres españolas.

En cidades como Pontevedra o 85% dos nenos van á escola a pé e case o 65% o fan sos, os benéficas saudables e económicos para a cidade son incuestionables e claro exemplo de elo son innumerables peros que segue recibindo a nivel internacional a día de hoxe.

No caso de Tomiño, unha localidade similar á nosa, hai unha demanda social que pide a peonalización total da praza do Xeixo ás fins de semana, algo que está en estudo e que ata fai ben pouco era impensábel por calquera.

Estes proxectos de mobilidade sostíbel fan que os nosos cativos e maiores gañen en autonomía, converten as nosas vilas en lugares moito mais accesibles para persoas con ou sen problemas de mobilidade, e sobre todo son espazos máis sociables en termos de igualdade. Espazos onde alternar coas persoas, practicar deporte, pasear, ler un libro... pódese facer sen ter cartos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Para o BNG faise indispensábel unha ferramenta que asegure un concello accesíbel en todas as súas facetas, facendo este concepto algo transversal en toda actuación que se realice dende o goberno da Guarda.

Polo anteriormente dito o grupo municipal do BNG pide ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

- Que o grupo de goberno inicie os trámites para a realización dun plan de mobilidade sostíbel para a Guarda.”

O señor Baz Vicente fai referencia ás intervencións dos outros grupos municipais na moción relativa ó Centro Cultural, e di que cando se falaba de Manuel Álvarez, falaban de proxectos ambiciosos, pero ninguén sabe cales son, di que deben levar a cabo este plan, hai Concellos que o están facendo a través da Deputación, é redactado por especialistas, debería ser un plan consensuado e que saiban do que están falando. Se trata de dar solución a este problema.

(Regresan os señores Crespo González e Álvarez Carrero, 21:45 horas).

A señora Iglesias Ferreira di que é certo que os cambios custan e sen cambios non se avanza, o tempo da a razón a estes proxectos que convierten as vilas en máis saudables e con máis calidade de vida. Votará a favor.

O señor Rodríguez Fariñas di que votará a favor.

A señora Ortega Martínez di que votará a favor, oxalá nun prazo razoable se poidan facer cousas, porque todo vai moi lento.

(Sae o señor Rodríguez Fariñas, 21:47 horas).

O señor Español Otero di que isto se materializará cando hay un PXOU, están de acordo.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, e Iglesias Ferreira (dezaséis votos a favor).

(Sae a señora Iglesias Ferreira e regresa o señor Rodríguez Fariñas, 21:50 horas).

6. RE nº 4803 do PP.- Moción para solicitar axudas para a sinalización do noso patrimonio histórico e cultural.

(Saen a señora Martínez Vázquez e o señor Álvarez Carrero e regresa a señora Iglesias Ferreira, 21.51 horas).

O señor Castro Martínez da conta da seguinte moción:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA SOLICITAR AXUDAS PARA A SINALIZACIÓN DO NOSO PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL.

A Deputación de Pontevedra acaba de publicar as bases de subvencións a concellos da provincia para a sinalización do patrimonio histórico cultural e a memoria histórica para este ano 2016.

Basicamente, as axudas van dirixidas á instalacións de paneis informativos e sinalización dos bens do noso patrimonio.

O texto do acordo di:

“A Deputación de Pontevedra concederá axudas económicas, en réxime de concorrencia non competitiva, para:

a) A instalación de paneis informativos no patrimonio histórico e cultural dos bens inmobles de interese municipal, os conxuntos urbanos, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques que teñan un recoñecido valor arquitectónico, histórico e/ou antropológico, artístico e/ou etnográfico, dentro do ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

b) A instalación de paneis informativos naqueles puntos que se consideren oportunos, co plano de situación e/ou información detallada dos bens culturais de cada concello solicitante.

c) A instalación dos sinais que, en cumprimento da Lei 52/2007, de 26 de decembro, da memoria histórica, sexan precisos nos núcleos urbanos dos concellos da provincia de Pontevedra.”

Na Guarda temos unha gran riqueza cultural, algúns dos nosos valores históricos son de sobra coñecidos, pero temos algunhas xoias que permanecen ocultas e deberíamos mostralas á cidadanía. Pensamos que é de xustiza que certos elementos do noso patrimonio que son testemuñas do noso pasado, deben ser postos en valor.

A Deputación de Pontevedra nos brinda a posibilidade de dar a coñecer eses elementos históricos e o concello non debe perder a oportunidade de conseguir as axudas.

Nos pensamos que O Muro Medieval de A Guarda hai que poñelo en valor, e sinalizalo é o primeiro paso. Colocando paneis informativos que describan as orixes e a evolución do Casco Histórico, e o cómo era a vida na nosa vila. Habería que facilitar o acceso á rúa Baixo Muro mediante unha rampla.

POR TODO ISTO, O PARTIDO POPULAR DA GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE, E APROBACIÓN SE PROCEDE A SEGUINTE MOCIÓN:

Que se solicite urxentemente á Deputación de Pontevedra a subvención para a sinalización do Patrimonio Histórico e Cultural e a Memoria Histórica para o concello de A Guarda ao obxecto de sinalizar o Muro Medieval do casco histórico do noso concello.”



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

(Regresa o señor Álvarez Carrero, 21:52 horas).

A señora Iglesias Ferreira di que descoñece se existe subvención, están de acordo se a poden facer e votarán a favor.

(Regresa a señora Martínez Vázquez, 21:53 horas).

O señor Rodríguez Fariñas plantexa unha dúbida á secretaria sobre a lei mencionada na moción, contestando a secretaria que se trata da transcripción da orde publicada no BOP.

O señor Rodríguez Fariñas di que non é mala idea, pero previamente deberían pedir a limpeza do muro, recupéralo e darlle presentación decente ó muro.

O señor Lomba Alonso pregunta se fixeron a solicitude, contestando o señor Español Otero que xa o dixeron na Comisión de Asuntos Plenarios.

O señor Lomba Alonso di que se xa a pediron nada, e se non é así que se faga.

Intervén o señor Crespo González di que quedou claro na Comisión de Asuntos Plenarios que na Xunta de Goberno Local se aprobou solicitar esta subvención, a sinalización do recinto histórico fortificado. Di que está pedida.

O señor Español Otero pregunta ó señor Castro Martínez a qué hora presentou a moción, pois cando se celebrou a Comisión de Asuntos Plenarios el como presidente dixo que ese mesmo día na Xunta de Goberno Local se acababa de pedir esa subvención.

O señor Castro Martínez di que presentou a moción a última hora.

O señor Español Otero di que ás 8:30 se acordou, polo que pide que a retiren.

A señora Ortega Martínez di, en relación coa apreciación da señora Iglesias Ferreira de facela máis ampla, ó ver a Orde se reduciu a actuación, e diríxese ó señor Español Otero dicindo que non insinuaron que se fixera a propósito. Di que retiran a moción.

MOCIÓNS DE URXENCIA

O señor Alcalde da conta da seguinte moción de urxencia:

“PROPOSTA

Tendo coñecemento da demanda feita pola Cofradía de Pescadores Santa Tecla, ORPAGU e Asociación Emp. Espaderos Guardeses á Capitanía Marítima en relación co horario de apertura do Distrito Marítimo da Guarda, e habendo mantido contactos con ORPAGU e Cofradía de Pescadores Santa Tecla sobre a posibilidade de que o Pleno do Concello da Guarda apoie a súa petición

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

1.- Apoiar a solicitude de Cofradía de Pescadores Santa Tecla, ORPAGU e Asociación Emp. Espaderos Guardeses á Capitanía Marítima en relación co horario de apertura do Distrito Marítimo da Guarda.

2.- Remitir o presente acordo á Cofradía de Pescadores Santa Tecla, ORPAGU, Asociación Emp. Espaderos Guardeses e á Capitanía Marítima.”

O señor Alcalde di que a idea desta moción é acompañalos, para facer as xestións necesarias, están ó seu lado, a pesca é un sector estratéxico para A Guarda, as cousas non se fan unilateralmente como fixo Capitanía.

A señora Iglesias Ferreira di que se trata dun consenso desexable, co xesto da retirada da moción polo PP, e que a proposta veña do propio sector. Votará a favor.

O señor Rodríguez fariñas pide que se engada “ a Vigo” a Capitanía, e di que votará a favor. A señora Ortega Martínez Di que votarán a favor, o desexable é a apertura todos os días, sobre todo ós barcos de baixura, pois o mar non entende de días.

A proposta quedaría redactada como segue:

" PROPOSTA

Tendo coñecemento da demanda feita pola Cofradía de Pescadores Santa Tecla, ORPAGU e Asociación Emp. Espaderos Guardeses á Capitanía Marítima en relación co horario de apertura do Distrito Marítimo da Guarda, e habendo mantido contactos con ORPAGU e Cofradía de Pescadores Santa Tecla sobre a posibilidade de que o Pleno do Concello da Guarda apoie a súa petición

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Apoiar a solicitude de Cofradía de Pescadores Santa Tecla, ORPAGU e Asociación Emp. Espaderos Guardeses á Capitanía Marítima en relación co horario de apertura do Distrito Marítimo da Guarda.

2.- Remitir o presente acordo á Cofradía de Pescadores Santa Tecla, ORPAGU, Asociación Emp. Espaderos Guardeses e á Capitanía Marítima de Vigo.”

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:**VOTOS A FAVOR:** Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (dezasete a favor).

O señor Baz Vicente da conta da seguinte moción:

“MOCIÓN URGENTE PARA A VIABILIDADE E O FUTURO DOS ESTALEIROS J. CASTRO
Exposición de motivos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Desde o ano 2010 os traballadores dos estaleiros Joaquín Castro, lonxe de baixar os brazos e aceptar o peche da empresa, optaron por traballar por un plan de viabilidade que garante o futuro do seu traballo, das súas familias e dun dos escasos terreos industriais que aínda lle queda a Guarda.

Non sen pasar por grandes trabas e sempre sendo xenerosos, os traballadores deron cunha empresa que pulara por este proxecto ata chegar ao punto actual.

A día de hoxe Estaleiros Joaquín Castro, ten un cadro de traballo de 16 empregados, cunha carga de traballo envexable polo resto de estaleiros da provincia e con tres proxectos firmados para levar a diante xa.

Pero todo isto estase pondo en risco pola paralización dunhas negociacións que non avanzan.

Hai dous meses que esta negociación pasou a estar en mans do alcalde da Guarda. Pedíusenos cautela nas declaracións, e así se fixo. Dende o concello non se lle está dando a importancia nin a celeridade suficiente que esta situación require.

Dous despois, as negociacións están paralizadas e aínda non teñen visas de solución, incluso en boca do alcalde, non ten claro que se garanta a solución.

Por todo o disposto anteriormente solicitamos a adopción do seguinte Acordo

Que non sexa esta administración a que poña en risco este centro de traballo. Que no prazo máis breve posíbel, é dicir, non máis aló de 7 días se chegue a un acordo que, salvando todos os criterios legais, urbanísticos e medioambientais prime a viabilidade do estaleiro e que garanta postos de traballo directos e indirectos.”

O señor Baz Vicente preguntalle ó señor Alcalde, que tivo a oportunidade de falar cos traballadores e cos grupos municipais, cal é o problema a día de hoxe, pide que explique o condicionante que frea a situación, o motivo, porque pon en perigo os postos de traballo, e hai que ter en conta os traballos indirectos que xeraría. Di que o señor Alcalde chegou dicindo que gobernaría para a maioría, a maioría o ten claro, queren unha solución xa.

O señor Alcalde di que é unha historia larga: hai dous meses houbo unha proposta para tomar medidas en contra do empresario do estaleiro, se aprobou unha moción na Entidade Local Menor de Camposancos na que se dicía que ían levalo ó xulgado por falta de pago da cota mensual. Mostra a súa sorpresa, non tanto pola maioría dos membros do plenario, pois se ben el non falou co PP, nin coa concelleira non adscrita ou co señor Rodríguez Fariñas, el si falou co BNG e cos traballadores, e tamén co empresario

Intervén a señora Ortega Martínez e di que a primeira que lle falou deste tema foi ela.

O señor Alcalde di que o que non tiña era coñecemento deste escrito, e quere explicar a situación: discrepa de case todo, non está de acordo con que periguen os postos de traballo, non mudou nada, a empresa segue aberta, os traballadores traballan e cobran por iso. Hai unha situación derivada dun contrato de 1957 entre a ELM e o estaleiro, que se está incumprindo. Os traballadores seguen traballando, e por suxerencia dalgúns empregados interveu para tratar que a ELM moderase esa demanda e porque lles preocupa a empresa. Di



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

que le respecta a autonomía da ELM, esta cuestión é entre a ELM e o estaleiro. En primeiro lugar, e llo dixo a todos, cando comezou isto non se fixo publicidade para non crear falsas expectativas, e isto o trasladou a todas as partes. Os traballadores saben que houbo dúas reunións presenciais co empresario, tres ou catro coa ELM, dúas cos traballadores, para poñer isto en marcha. Isto é un contrato que ten que asinar unha administración pública e unha empresa. Sinala que na moción di *“Que no prazo máis breve posíbel, é dicir, non máis aló de 7 días se chegue a un acordo salvando todos os criterios legais, urbanísticos e medioambientais”*, ten que haber informe xurídico e económico, hai que ser realistas, e pregunta se a ELM non deberá pedir informes, pois a situación a día de hoxe é que se traballa todos os días, e as veces hai que espera uns días para que ten dean unha resposta. Sinala que o aspecto económico se falou coa empresa, que dixo que a taxación estaba feita en 2012, a empresa pide que se actualice a taxa a día de hoxe, el fala coa empresa todas as semanas, están esperando a que o empresario lle faga chegar a documentación, e a valoración económica aínda non está rematada. El cre que a empresa pode seguir tirando, independentemente deste proceso, coa garantía de que a ELM non vai tomar medidas xurídicas en contra do estaleiro. Insiste en que isto non é fácil, xa houbo unha entrevista do avogado da ELM co Rexistro da Propiedade. A empresa ten unas esixencias e o proceso pode demorarse, a semana próxima, se o empresario aporta a documentación, poderá facerse a valoración económica. Di que os terreos están rexistrado a nome do coto, o rexistrador di que non é fácil nin rápido, e o avogado busca a alternativa máis rápida. Non sabe cando nin como se vai resolver, oxalá se resolverá onte, o Alcalde non vai mediar nun conflito se non quere que se resolva. Explica que se barallan tres alternativas, polo, avogado, o rexistrador e a empresa, para tramitar o cambio de propietario, pois do coto forman parte todos os veciños, pero isto é independente de que a empresa siga funcionando.

O señor Baz Vicente di que lle consta que hai un escrito solicitando o turno de palabra en relación a este asunto, pero o exposto agora lles alerta aínda máis, pois di o señor Alcalde que traballan sen ningún problema e isto é grave porque reflicte algo distinto ó que está acontecendo. Di que agora o problema son os terreos, cando o Presidente da ELM dicía que eran deles. Non se poden agarrar ós informes, os informes tiñan que estar en marcha dende 2010.

O señor Alcalde di que el entra en acción cando llo piden.

O señor Baz Vicente di que o único ó que se agarra é que están a espera duns informes, isto ven do ano 2010 e tiña que estar solucionado.

O señor Alcalde insiste en que o que dixo foi moi claro, non poden distorsionar as súas palabras, é un tema sensible.

Intervén o señor Rodríguez Fariñas para dicir que cando se reuniron os grupos se acordou que toda a conversación a levaran os señores Lomba Alonso e Baz Vicente. Agora lle xurde unha dúbida, pois se os terreos son do coto non entende qué pinta o Presidente da ELM poñendo prezo e condicións.

O señor Alcalde di que é porque é unha entidade administrativa a que se encarga da xestión, o coto está extinguido, o problema é o nome ó que está rexistrado, o rexistrador quere facelo por unha vía e o avogado por outra.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A señora Ortega Martínez di que dende que se inicia o proceso nun pleno da ELM e coas declaracións do presidente da ELM se plantexa un proceso de desafío e acusacións graves, que non provoca confianza por parte do estaleiro.

O señor Alcalde explica que no proceso participan e informan o arquitecto, o avogado, a empresa e finalmente o avogado outra vez.

A señora Ortega Martínez non entende que se negocie sobre algo que non se pode negociar, e pregunta qué importa a valoración, contestando o señor Alcalde que a valoración do canon depende do que hai alí.

A señora Ortega Martínez di que a empresa no pensa o mesmo.

O señor Alcalde pregunta se teñen algunha dúbida máis, contestando o señor Baz Vicente que por riba da contía están os postos de traballo,

O señor Alcalde di que cre que están equivocados, el expuxo claramente o que sucedeu, e o están distorsionando, el se atribuíu certa responsabilidade, isto faille perder o sono e ten moitas ganas de resolvelo.

O señor Lomba Alonso aclara que o BNG non está en contra de ningún empresario, contestando o señor Alcalde que el non dixo iso, o que dixo foi o sentido dunha votación na que el estaba presente.

O señor Lomba Alonso pide que lle aclaren se van seguir co desafiuzamento, contestando o señor Alcalde que non, e sinalando o señor Lomba Alonso que o Presidente da ELM dixo que si.

O señor Alcalde di que neste proceso, o primeiro que lle pediu ó presidente da ELM foi que se parara, sería inconcibible que continuara mediando se o proceso segue.

O señor Lomba Alonso insiste na preocupación existente, e pregunta con que autoridade se pode cobrar, contestando o señor Alcalde que o que dixo foi moi claro, tivo dúas reunións cos traballadores e saben que accede e a elo sempre.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Ortega Marínez, Castro Martínez, Álvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Álvarez, Lomba Alonso, Baz Vicente, Martínez Vázquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira. (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodríguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos en contra).

O Alcalde di que lle trasladará o acordo ó presidente da ELM, debe someterse ós servizos xurídicos, pero están votando algo imposible.

O señor Rodríguez Fariñas di que se é imposible e resulta necesario que se faga un pleno extraordinario para tratalo.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 6.-.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DA SEÑORA IGLESIAS FERREIRA:

- 1.- Pregunta polos pregos da cafetería da Estación Marítima, contestando o señor Español Otero que se están fiscalizando. A señora Iglesias Ferreira pregunta se está previsto que se sometan ó próximo pleno, sinalando o señor Español Otero que está previsto.
- 2.- Pregunta polo informe sobre as compulsas, contestando o señor Alcalde que xa foi emitido e se colocou na bandexa dos grupos.
- 3.- Pregunta polas actuacións de desratización, contestando o señor Rodríguez González que se están tomando medidas, e engadindo o señor Alcalde que a empresa foi notificada.
- 4.- Pregunta en relación co Codesal, pola retirada dos muros do campo de fútbol, porque é perigoso circular por alí e está sen sinalizar, contestando o señor Español Otero que no futuro tratarán de anchear a curva.
- 5.- Pregunta polo mantemento das rotondas, contestando o señor Español Otero que as da Gándara lle corresponde a Carreteras, pero cando non te fan caso, o está facendo o Concello. O señor Rodríguez González di que lle corresponde á Xunta.

A señora Iglesias Ferreira di que o resto o presentará por escrito.

ROGOS E PREGUNTAS DO SEÑOR RODRÍGUEZ FARIÑAS:

O señor Rodríguez Fariñas di que os presentará por escrito.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

O señor Lomba Alonso fai os seguinte rodos e preguntas:

- 1.- Pide lavapés no Cangrexal á maior brevidade posible.
- 2.- En relación co pavillón de Solanas, pregunta polos prazos de execución da obra, contestando o señor Español Otero que a obra está adxudicada, co acta de replanteo e plan de seguridade e saúde. Di que onte a xefa da obra estivo aquí e o inicio se ten previsto para finais de agosto, se lle pediu encarecidamente o cumprimento dos prazos, porque a obra non foi adxudicada polo Concello nin lle corresponde a dirección da obra, é competencia da Xunta.
- 3.- Pide a limpeza das instalacións de GLP no Castelo de Santa Cruz, dentro e fora, ou que o limpe o Concello e que pase factura. O señor Español Otero di que ten toda a razón, unha empresa ten comprometido comezar, e o luns darán instrucións.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP.

A señora Ortega Martínez di que os rogos os presentará por escrito e fai as seguinte preguntas:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 1.- Pregunta pola Ordenanza de deportistas individuais, contestando o señor Crespo González que non lle chegou que saíra publicada.
- 2.- Pregunta polas actividades de verán, que están limitadas ás persoas censadas aquí, contestando a señora Baz Rodríguez que tamén inclúe ás persoas cos pais censados aquí.
- 3.- Pregunta pola Ordenanza para cobrar os servizo do GES, contestando o señor Español Otero que hoxe se recibiu un correo dunha empresa que precisa máis documentación para facer o estudo de custes pois non é tarefa fácil.
- 4.- Pregunta polo problema na Rúa Manuel Álvarez coas xardineiras, polo perigo para os coches, e se teñen pensado solucionalo.
- 5.- Pregunta pola Ordenanza de emerxencia social, reiterando a señora Magallanes Álvarez a resposta dada no Pleno anterior, pide sensatez.
- 6.- Pregunta por unha contía de 3000 euros en promoción cultural para un vídeo da UNESCO, e di que lle parece caro, contestando o señor Español Otero que oxalá que co vídeo se conseguira o obxectivo.
- 7.- Pregunta pola modificación do cobro do IBI para familias numerosas, contestando a señora Magallanes Álvarez novamente que reitera a sensatez, o departamento de intervención está preparando a Conta Xeral, pois os prazos veñen taxado pola lei e é un requisito para solicitar subvencións.

Di que o resto o presentará por escrito e roga que se pida a Casa dos Alonsos como colexio electoral, contestando o señor Alcalde que xa está pedido.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 22:55 horas o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

Antonio Lomba Baz

Julia María Carrasco González-Alegre



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Rogos e preguntas presentados por escrito

SEÑORA IGLESIAS FERREIRA:

- 1.- Mantemento papeleiras Loucenzas
- 2.- Modificación páx. Web para actualización del estado da Concelleira non adscrita
- 3.- Perigo de afundimento alcantarilla en Rúa Galicia (frente Marty Rei).
4. Canto custou a carpa da Festa da Langosta que se empregou para diversos e importantes eventos durante o mes de xullo?

O custe da carpa da Festa da Langosta foi de 18150 €.

- 5.- Limpeza novamente da finca entre Rúa Galicia e Rúa Baiona
- 6.- Revisar a situación dos colectores (tanto ca falta de capacidade e o estado de limpeza) no verán aumentamos moito o número de habitantes e o calor empeora a situación.

PARTIDO POPULAR:

- 1.- Que pasa con la proposta aprobada de crear mesa de Turismo? Seguiremos con improvisación.

Xa lle pasamos un borrador do regulamento, estamos á espera de informes.

- 2.- Que pasa ca moción aprobada da varanda no centro cultural?

Estase a construír, unha vez incorporado o operario que estivo meses de baixa.

- 3.- Que pasa ca ordenanza medioambiental

Pedímoslle, por favor, que concreten a pregunta.

- 4.- Na rúa Circunvalación por un accidente tirouse unha varanda, case hai que darlle grazas o coche, porque estaba oxidada, e podería ser un perigo. Pero dende o accidente todo sigue igual, non se cobrou do seguro do Coche? Cando se vai arranxar.

A varanda está posta. O cobro do seguro está en tramites.

- 5.- Cal foi o custe do pregoeiro da festa da Lagosta?

Dispoñen vostedes desta información nos servizos económicos do concello. O pregoeiro prestou ao concello dous servizos, como pregoeiro en un espectáculo de monólogo. O custo total das dúas actuacións foi de 3500 € mais IVA.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

6.- En que consiste o convenio que se acaba de asinar ca deputación para recoller coches fora de uso? Cales son as condicións é se ten algún custe para o concello? Hai moito coches que recoller?

Teñen o texto a súa disposición en secretaría. Non ten custo para o concello. Adherímonos ao convenio porque as veces aparece algún.

7.- Que actuacións se están a levar a cabo para acabar cos actos vandálicos, ruídos do botellón etc.?

Controis da policía e da Garda Civil.

8.- En pasados días tivemos noticias de tres focos de incendios provocados en Camposancos, sábese algo da investigación, que medidas se tomaron contra estes terroristas ambientais?

Non temos coñecemento da investigación. Poden dirixirse ao Seprona ou á Garda Civil.

ROGOS

- Que o Alcalde medie entre Festas do Monte e San Caetano, para que non volva a pasar que o pregón do monte desluza a sardiñada de San Caetano. Se poden integrar, e ambos actos son importantes
- Que antes das próximas eleccións se faian os trámites para que a Casa dos Alonsos sexa o Colexio electoral, e no o Concello por cuestións de accesibilidade, se axuda moitas veces as persoas a subir as escaleiras. Pasa no centro cultural tamén que aínda que ten accesibilidade por atrás moita xente pasa dificultades subindo
- Rogo se limpe e poñan cristais a marquesiña de fonte quente
- O acceso a praia da A Lamiña que se limpe por favor
- A antena da Wifi de donantes de sangue débese arranxar, está rota e apoiada nos claves.
- Desbrozar a calle Rias.
- As aceras están moi sucias, se queixas comerciantes de pacífico Rodríguez, pero están especialmente sucias diante do Familia, diante do Froíz e en circunvalación.
- Os cables da Cal están en precario amarrados.
- Hai unha gaiyota morta preto da Sangriña, por favor que se retire os propios peregrinos no los fixeron saber.
- El muro de contención en el puente de Camposancos, frente a la casa de los comuneros sigue presentando la misma grieta, de abajo a arriba, ahora tapada parcialmente por hiedra que sale de casa del vecino, cuando tienen intención de arreglarlo? cuando se desmorone? No está arreglado tal y como se dijo en el anterior pleno, lo que arreglaran fué del lado contrario.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- Subida a Las Torres, aunque arreglaron, pegado al cruce aún presenta deficiencias. (Una de las tapas está rota, ni la tocaron)
- Solicitar que se eche una capa de cemento en el Barrio de Salgueiró (Hacia el nº7 y en el 1er. Transversal de Salgueiró nº 5) existen personas en silla de ruedas y es de difícil acceso, en sitios hay socavones.
- Hay quejas de que falla la wiffi en el Barrio de Saa
- Los vecinos de Camposancos siguen solicitando que doten a todo el pueblo de papeleras, no solo en la zona turística.
- Se sigue solicitando sistema de retención para todos los contenedores de plástico en la carretera, en la subida del Molino y en el del Forno do Duque.
- La pasarela de madera que pasa frente el restaurante el Molino, hacia el Puntal, en diversos puntos está podrida e, inclusive la madera es inexistente.
- La barandilla frente a La Armona está en diversos puntos rota o deteriorada.
- En algunos puntos de Camposancos (Frente al Bar Couto, un poco mas abajo y en carretera de Camposancos) los espejos no hacen la función para la que se supone que están, por estar rotos o deteriorados)
- La señal del cruce de caminos que indica el cruce entre el Camino de Liñares (hacia los astilleros y las naves de Socorro), El Forno do Duque y Salcidos sigue en el suelo.
- El cruce desde el Pasaje, hasta el Forno do Duque sigue sin limpiar, teniendo los coches que echarse hacía el centro de camino con el peligro que ello conlleva, sobretodo en las curvas.
- La acera de la rúa Hermanas Galdó, está rota desde hace muchísimo tiempo sin que la reparen (pegada al colegio de los Jesuítas y la urbanización Río Miño), desbrozan, pero la acera no la arreglan.
- Frente a Astilleros Castro las zarzas van invadiendo la carretera
- Ya mandaron limpiar el dinoseto? La última vez estaba la hiedra medio seca y daba pena.